DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

HAZLO TIC: APOIO Á INCLUSIÓN SOCIO LABORAL E TIC

FUNDAMENTACIÓN

Resulta de vital importancia proveer de recursos e programas eficaces que posibiliten a rehabilitación socio laboral dos menores. Ditos programas atopan a sua xustificación no papel que a actividade productiva e o emprego xoga na vida de ditas persoas e de cara á sociedade no xeral. Pódese afirmar que o emprego é un dos eixos (xunto coa vivenda e as relacións sociais) sobre as que se articula o proceso de rehabilitación e mantemento na comunidade.

Este proxecto pretende dar cobertura ás necesidades socio laborais dos menores mediante un plan para a mellora da empregabilidade que teña en conta a participación e toma de decisións activas da persoa participante, as suas necesidades, obxectivos persoais e competencias.

Para facer fronte a esta situación, o Centro de menores Cavea, intervén desenvolvendo programas a través das TIC.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Obxectivo Xeral:

Contribuir na mellora de cara á integración e inclusión socio laboral dos menores do Centro Chavea.

Obxectivos Específicos:

- Contribuir á mellora da empregabilidade de cara á integración laboral dos menores.

- Formar ós menores para presentarse a un posto de traballo empregando as TIC.

DESENVOLVEMENTO DOS CONTENIDOS

Consiste na execución dun plan de apoio á inclusión sociolaboral, destinado a incrementar a empregabilidade dos menores do Centro.

Como instrumento base de traballo contaremos coa creación dun Itinerario Persoal de Inserción (IPI), no cal cada beneficiario plasmará a súa toma de decisións aceptando o compromiso de realizar as accións descritas mediante sinatura.

Tamén se ofertará un curso para a adquisición de competencias dixitais a través da plataforma de formación online de LAR.

Formarase ás persoas para presentarse a un posto de traballo utilizando as TIC. Os cursos serán de dixitalización mediante o uso das TIC para a creación dunha MARCA PERSOAL,

Identificación dos sectores de maior demanda procura de emprego e formación en páxinas web, uso do correo electrónico, manexo de app orientadas ó emprego, por exemplo, a aplicación MOBEM do Servizo de Emprego ou entrenamento en entrevistas laborais mediante videoconferencia.

Construcción da súa proposta de valor, e por suposto, a perder o medo a realizar entrevistas, xa sexan fronte a unha cámara ou persoais.

ACTIVIDADES

CREACIÓN DUN ITINERARIO PERSOAL DE INSERCIÓN (IPI)

CURSO: CREACIÓN DUNHA MARCA PERSOAL (TIC)

CURSO: PROCURA DE EMPREGO E ENTREVISTAS (TIC)

CURSO: ONLINE COMPETENCIAS LABORAIS

APOIO E SEGUIMENTO CURSOS SEPE E EXTERNOS.

AVALIACIÓN.

TEMPORALIZACIÓN

Os destinatarios dos programas serán menores con idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos.

Este programa realizarase de forma continua adaptándose ás necesidades de empleabilidade dos menores del Centro (mediante o IPI).

Os cursos, que terán unha duración de dous meses cada un, poderán ser retomados tantas veces como necesidades se detecten nos menores.

METODOLOGÍA

Este proxecto entende a súa metodoloxía de traballo desde a participación activa dos menores co fin de que sexan eles os verdadeiros protagonistas de todo o proceso. Non son meros receptores pasivos das actividades que se realicen, si non que eles mesmos han de desenvolver o seu obxectivo profesional e as vías de consecución do mismo.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e valorarase según os seguintes criterios:

Mellora da empregabilidade e adquisición de competencias nas TIC tendo en conta como indicador o número de menores que rematan os cursos.

Cumprimento dos obxectivos plantexados tendo en conta como indicador o número de menores que cumpren o IPI.

Creación de Marcas Persoais tendo en conta como indicador o número de menores que realizan perfís mediante as TIC.

Este programa pretende axudar a favorecer a motivación e o autoconcepto dos menores, o indicador utilizado será a puntuación obtida no test do inicio do programa e o retest.

34247638V MARIA AMELIA VARELA (R: G36302776)

Firmado digitalmente por 34247638V MARIA AMELIA VARELA (R: G36302776)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0152/PUESTO 1/36852/16052019120042, serialNumber=IDCES-34247638V, givenName=MARIA AMELIA, sn=VARELA ARTUSIO, cn=34247638V MARIA AMELIA VARELA (R: G36302776), 2.5.4.97=VATES-G36302776, o=FUNDACION LAR PRO SALUD MENTAL VILAGARCI, c=ES
Fecha: 2020.10.23 21:16:31 +02'00'